



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: SORTEO DE INSCRITOS NO PROGRAMA *CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN 2022 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA*

EXPEDIENTE: 2022/X999/000104

ANTECEDENTES:

1. O día 12 de abril de 2022 rexistrouse nestas oficinas municipais co número 20220000000283, o escrito enviado pola Excm. Deputación da Coruña, correspondente ó programa *Campamentos deportivos de verán 2022*, onde se **concede a este concello 5 prazas**, na 1.^a quenda, do 26 de xuño ao 1 de xullo de 2022.
2. Esta actividade está dirixida a rapaces e rapazas nenos/as nados entre o **día 1 de xaneiro de 2008 e 31 de decembro de 2013**, empadroados/as neste caso, no Concello de Bergondo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Informe da traballadora deste concello, Rosa M.^a Calviño Calvete, responsable do padrón municipal de habitantes, con data 27 de maio de 2022, no que consta que os inscritos están empadroados.
2. Informe realizado pola traballadora do servizo de cultura e deportes deste concello, Josefina Maestu Almeida, co visto e praxe do concelleiro dos servizos de cultura e deportes, con data 30 de maio de 2022, no que contan as solicitudes presentadas e que cumpren os requisitos para poder participar neste programa da Deputación.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a participación do Concello de Bergondo no programa da Deputación da Coruña *Campamentos deportivos de verán 2022*.

Segundo.- Aprobar con carácter definitivo a listaxe de 6 persoas admitidas, non habendo listaxe de persoas excluídas, correspondente a este programa, na 1.^a quenda do 26 de xuño ao 1 de xullo de 2022. As 6 persoas solicitantes están empadroadas neste concello. A listaxe de persoas admitidas por orde de rexistro de entrada é a seguinte:

LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS:

Nº	NOME E APELIDOS	DATA NAC.	N.º rexistro	Data de rexistro	Asistiu anos anteriores
1	ACC	14/10/2010	202299900001305	25/04/2022	Non asistiu
2	ECC	14/08/2012	202299900001305	25/04/2022	Non asistiu
3	AABD	17/12/2012	202299900001305	25/04/2022	Non asistiu



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

4	PLR	9/10/2012	202299900001370	01/05/2022	Non asistiu
5	GDSD	16/03/2012	202200000000586	04/05/2022	Non asistiu
6	SDSB	20/12/2011	202200000000680	19/05/2022	Non asistiu

EXCLUÍDOS: ningún.

Terceiro.- Comprobándose que existen máis solicitudes que prazas concedidas pola Excm. Deputación Provincial, acordo constituír unha Comisión para realizar o sorteo. Integrada polas seguintes persoas:

PRESIDENTA: Alejandra Pérez Máquez, a alcaldesa do Concello de Bergondo.

SECRETARIO: o secretaria xeral deste concello, Ana María Cacharrón Castelos.

VOGAIS:

- Dona Josefina Maestu Almeida, traballadora do servizo de cultura e deporte deste concello.
- Dona Vanessa Barral Fariña, traballadora do servizo de cultura e deportes deste concello.

A comisión constituída para este sorteo, queda facultada para resolver ás dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do sorteo, e en todo o non previsto neste Decreto.

Cuarto.- A realización do sorteo público, será da seguinte forma: se introducirán as bolas cos números do 1 ao 6 nunha bolsa e se procederá á súa extracción.

En primeiro lugar sacaranse cinco números, correspondentes ás cinco prazas titulares que dan dereito á participación neste programa; o número restante quedará en listaxe de suplentes, quen substituirá a posible vacante que se produza nos titulares ou, no seu caso, a praza que poida conceder a maiores a Deputación Provincial.

Tal como consta no tríptico deste programa da Deputación da Coruña, terán preferencia, os rapaces empadroados no Concello de Bergondo e os rapaces que non participaron neste Programa en edicións anteriores.

Quinto.- Ao rematar o sorteo, publicarase na páxina web a relación de persoas seleccionadas para asistir a este campamento deportivo e a listaxe de suplentes. Ademais o concello confirmará á familia do participante a praza.

Sexto.- Solicitar unha prazas máis á Excm. Deputación da Coruña neste programa.

Sétimo.- Remitir á Excm. Deputación a certificación do acta do sorteo realizado e a documentación dos aspirantes seleccionados.

Oitavo.- Os solicitantes teñen ata o vindeiro día 2 de xuño, ás 15.00 h para presentar a seguinte documentación no rexistro xeral ou por Sede electrónica do concello, para remitir á Excm. Deputación.

- Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada polos pais ou titores do solicitante
- Fotocopia do carné de identidade ou fotocopia do libro de familia ou carné de identidade.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- No caso de que o neno/a tivese tratamento ou doenza que teña que ser tido en conta, axuntarase certificado asinado polo facultativo pertinente. De igual xeito no caso de medicación específica ou alerxia alimentaria doutro tipo.

O pago da cota de 85 €, correspondente ao aboamento da inscrición realizarase cando nolo comunique a Deputación da Coruña.

Se pasado o prazo, non presentase esta documentación, pasaría lista de suplentes.

Noveno.- Convocar aos integrantes da Comisión encargada da realización do sorteo para o martes, día 31 de maio de 2022 ás 14.30 horas , no salón de plenos do concello.

En Bergondo, martes 31 de maio de 2022

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

Dou fe; a secretaria

Ana María Cacharrón Castelos